


O MAGOSTO





O MAGOSTO NO COLEXIO

O venres, 14 de novembro, ás 12,15 horas, máis ou menos, celebraremos no noso colexio o tradicional magosto. Asaremos e comeremos castañas e para beber tomaremos leite fresco.

Ao final do magosto a *Agrupación Donaire* interpretará algunhas cancións para que todos e todas poidamos bailar. Ah! poden vir os pais, as nais, os avós, as avoas, os tíos, as tías, os curmáns, as curmás, as madriñas, os padriños...

A CAIXIÑA DAS CASTAÑAS

- 1.- Corta un cartón de leite pola metade.
- 2.- Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.
- 3.- Engancha un cordel longo nos furados que fixeches. Un lado é para as castañas e o outro para as tonas.
- 4.- Decora a caixa ao teu gusto.



EDLG CEIP «Juan Fernández Latorre»

O magosto celébrase para non perder a tradición de asar as castañas e, tamén, para divertirse,

A min encántanme as castañas, e a ti?


RAP DO MAGOSTO

Paco Nogueiras

Castaña, castaña, do chan se apaña,
metida no ourizo non é unha «patraña».
Magosto, magosto, non vaias co posto
leva castañas e alegre ese corpo. *(Bis)*

Despois de ben secas, mételles o dente
ponas ao lume para que estean ben quentes.
Despois dun tempiño están preparadas.
Comemos castañas, castañas asadas.

Tamén é costume furar a tixola
para asar as castañas. A tixola mola!
Hai outros que queren facelas cocidas,
fiúncho e cachelos, castañas fervidas.



UNHA LERIA

A castaña no ourizo
quixo rir e regañou,
caeu do castiñeiro embaixo,
mira ti o que gañou!



A RECEITA: CASTAÑAS CON LEITE

INGREDIENTES

Castañas
Leite
Azucres



PREPARACIÓN

- 1.- Mórdanse as castañas.
- 2.- Póñense a cocer en auga con sal e fiúncho.
- 3.- Quítaselles a segunda tona.
- 4.- Bótanse nunha cunca e engádeselles o azucres e o leite.
- 5.- Sérvense quentes.

ADIVIÑA

Son pequena
a miña cara é marrón,
cando chega o outono
métenme nun fogón.
Quen son?



A castaña